

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Bravo Bosch, María José
Caparrini Marín, Natalia
Cidrás Piqué, José
Lago Ferreiro, Alfonso
Lantarón Caeiro, Eva
Lesmes Romero, Yolanda
Pozo Triviño, María Isabel del
Reboreda Morillo, Susana
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rodríguez Rajo, Francisco Javier
Rubio Armesto, Belén
Sánchez Moreiras, Adela María
Valderrama Santomé, Mónica

DECANOS/DIRECTORES

Álvarez González, Susana
Araujo Nespereira, Pedro Antonio
Currás Valle, Consuelo
Cruz González, Montserrat
Díaz Redondo, Rebeca P.
Peña Gallego, María de los Ángeles
Río Otero, Coral del
Rodríguez Domínguez M^a del Mar
Torres Romay, Emma

PDI-A

Durán Barbosa, Rafael
López Ardao, José Carlos
Montero Reguera, José Francisco
Paz Penín, María Concepción
Pérez Vázquez, María Consuelo
Romo Pérez, Vicente
Siota Álvarez, Mónica

PDI-B

Álvarez Álvarez, María Salomé

ESTUDANTES

González González, Jaime
Lima González, Estela
Martínez Gómez, Sandra María
Rodríguez Pousa, Estela
Santos Grandal, Juan

PAS

González Penín, Ana Isabel

CONSELLO SOCIAL

Calviño Rodríguez, Xulio
Larriba Leira, Elvira
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

Cuevas Alonso, Miguel
Pazos Currás, Marta María

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Barreiro Rodríguez-Moldes, M^a Covadonga
Fariña Rodríguez, José

INVITADOS

Caruncho Michinel, Cristina
Costas González, Xose H.
Pérez Rodríguez, M^a Rosa

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 02 de decembro de 2024, convocada para ás 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 10:00 do día 02 de decembro de 2024 comeza a sesión, acadado o quórum en segunda convocatoria, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, e mais a secretaria xeral xunto con varios membros do órgano asisten presencialmente na Sala Manolo Ramos.

Por outra banda, as persoas da comunidade universitaria poden seguila mediante un enlace a UVigo TV cun contrasinal que se lles comunica antes do comezo da mesma.

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 29 de outubro de 2024.
2. Informe do Reitor.
3. Aprobación, se procede, do acordo polo que se regula o procedemento para a cobertura temporal de postos mediante comisión de servizos de carácter voluntario por persoal funcionario de carreira.
4. Aprobación, se procede, da Normativa e procedemento (Anexos I e V) para a contratación de Profesorado Substituto na Universidade de Vigo.
5. Aprobación, se procede, dunha modificación na Normativa reguladora dos concursos de acceso aos corpos docentes universitarios e ás categorías de profesorado permanente laboral e profesorado axudante doutor na Universidade de Vigo.
6. Aprobación, se procede, de modificacións na Normativa, Procedemento, e Efectos da Avaliación da Actividade Docente.
7. Aprobación, se procede, da aclaración das empresas creadas ou participadas pola Universidade de Vigo nas que o persoal docente poderá prestar servizos a tempo parcial.
8. Aprobación, se procede, da extinción do Máster Universitario en Industria 4.0.
9. Aprobación, se procede, da tramitación das modificacións non substanciais das titulacións de grao, máster e programas de doutoramento para a súa adaptación ao RD 822/2021.

10. Aprobación, se procede, da declaración de interese de verificación/modificación de títulos de grao, máster e programas de doutoramento 2026/27.
11. Aprobación, se procede, do Regulamento de Réxime Interno do Instituto Universitario de Investigación Xustiza e Xénero da Universidade de Vigo.
12. Informe sobre a Memoria de Responsabilidade Social da Universidade de Vigo correspondente ao 2023.
13. Elección dos seguintes membros das comisións delegadas do Consello de Goberno(1): Planificación e Asuntos Económicos (1 estudante) e Extensión Universitaria e Estudiantes (1 estudante).
14. Elección dun representante na Comisión de Reclamacións a Prazas de Profesorado Contratado(1): 1 estudante.
15. Elección de representantes no Comité de Dirección da EIDO(1): 1 estudante do ámbito Xurídico- Social e 1 estudante do ámbito Científico.
16. Quenda de intervencións.

Antes de comezar a sesión, o reitor comunica a retirada do punto 3 da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 29 de outubro de 2024.

O reitor pide que se aprobe por asentimento.

Apróbase a acta por asentimento.

2. Informe do reitor.

O reitor informa sobre os seguintes asuntos:

- Xornada Ecobas en Zona Franca.
- Xuntanzas Campus CREA 31 de outubro, coa asistencia do Presidente do Consello Social, a quen agradece a súa implicación.
- Xornada sobre violencias sexuais na Facultade de Relacións Internacionais.
- Summit AER.
- Workshop “Hackeando o patriarcado na Facultade de Comunicación.
- Celebrouse o Consello Reitor Campus Auga.
- 25 Aniversario da Facultade de Educación e do Deporte.
- Nomeamento de Benigno Fernández Salgado como director de área de normalización lingüística.
- Conmemoración dos 30 anos de implantación dos títulos de Educación Social e Traballo Social.
- Belén Riveiro, nomeada mellor investigadora nova nas ciencias técnicas, pola Real Academia Galega de Ciencias.

- Asinado Convenio coa Consellería de Medio Ambiente para investigación sobre refuxios climáticos.
- CIGUS; presentes en Xornadas, que se celebraron no País Vasco, mellorando o modelo en colaboración co Ikerbasque e a Xunta.
- Novas materias en idiomas estranxeiros.
- Reapertura de negociacións cos A2 recorrentes.
- Radon. Datos provisorios, xa estamos actuando.
- Teletraballo, continúa a negociación para un acordo piloto.
- Negociación coa Xunta de Galicia para establecemento e títulos conxuntos cos universidades arxentinas.
- Nova clasificación do informe de transparencia da Fundación Haz.
- Xuntanza co alcalde de Vigo: Campus cidade, edificio Siemens, sectorial I+D CRUE.
- A Fundación Haz concede o máximo galardón de transparencia á Universidade de Vigo (3 estrelas), destacando o esforzo e o traballo da Unidade de Análises e Programas da UVigo, así como ao Consello Social
- Sinatura do convenio María Goyri.

Remata o informe ás 10.21.

3. Aprobación, se procede, do acordo polo que se regula o procedemento para a cobertura temporal de postos mediante comisión de servizos de carácter voluntario por persoal funcionario de carreira.

O reitor comunica a retirada do punto da orde do día, xa que xa é un acordo entre o goberno e a representación dos traballadores e traballadoras, pero dado que houbo pouco tempo para poder clarexar algunha cuestión queda para a vindeira sesión.

4. Aprobación, se procede, da Normativa e procedemento (Anexos I e V) para a contratación de Profesorado Substituto na Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica quen presenta a seguinte presentación, despois de clarexar que no Consello de Goberno anterior pasou esta normativa, e que volve a pasar debido a unha serie de cambios importantes, fundamentais, e que a devandita normativa foi aprobada por asentimento na mesa e na COAP. O baremo e a xustificación de méritos foron negociados na mesa de negociación, e aprobados en COAP cunha abstención. Estes baremos pretenden darlle ás persoas candidatas a posibilidade de ser quen de seleccionar e argumentar a relevancia dos méritos seleccionados e, ao mesmo tempo, facer máis doada e áxil o traballo das CEAs. Indica a vicerreitora que ocorre de cotío que méritos que non son valorados polas CEAs por non estar clara a relación coa lista de agarda, van á comisión de reclamacións, momento no que as persoas candidatas explican esa relevancia, pero a CEA segue sen poder telos en conta, pois non dispoñía desta información no seu

momento. Con este novo baremos xa non hai este problema e se inclúe nesta normativa o espírito de COARA primando a calidade e o impacto dos méritos fronte da cantidade.

Normativa e procedemento para a contratación de profesorado substituto na Universidade de Vigo

1. Profesorado contratado substituto

1.1 O profesorado contratado substituto terá dedicación parcial ou total cando esta sexa debidamente motivada, e a finalidade do seu contrato será a establecida no artigo 80 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario (LOSU).

1.2 A provisión de prazas de profesorado substituto realizarase mediante listas de agarda que serán xeradas mediante un concurso específico.

1.3 A duración do contrato será a determinada polo motivo da substitución. Naqueles casos nos que a substitución se prolongue máis aló dun curso académico, o profesorado substituto permanecerá contratado de xeito continuado ata que se extinga o motivo da substitución.

Normativa e procedemento para a contratación de profesorado substituto na Universidade de Vigo

2. Concurso para a xeración de listas de agarda de profesorado substituto

2.2.1. Cada departamento con unidades docentes que teñan necesidades docentes ten a obriga de solicitar e de actualizar de xeito anual, unha lista de agarda de profesorado substituto para cada unha das unidades docentes con necesidades, aínda que, de xeito excepcional, tamén poderá ser solicitada máis dunha lista naquelas áreas cando esta estea adecuadamente motivada. Cada departamento, co apoio da unidade departamental, introducirá na aplicación de xestión académica a solicitude da nova lista de agarda cando esta sexa necesaria. O departamento determinará a titulación universitaria esixida, tanto xenérica como, no seu caso específica e, de ser o caso, os criterios de selección requiridos para as titulacións que impartan docencia nalgún idioma estranxeiro.

Normativa e procedemento para a contratación de profesorado substituto na Universidade de Vigo

2. Concurso para a xeración de listas de agarda de profesorado substituto

2.2.2. As listas serán permanentes, non caducarán e abriranse todos os anos no mes de novembro para permitir a súa actualización. O prazo para a actualización das listas comezará o 1 de novembro e rematará o 15 de novembro (ambos os dous incluídos) de cada curso académico. As comisións terán, como máximo, 10 días hábiles para a avaliación das persoas candidatas presentadas ás listas de agarda e para o envío da lista ao Servizo de PDI. As comisións enviaránlle ao Servizo de PDI unha lista priorizada das persoas candidatas incluíndo o número de decimais necesarios para permitir o desempate. As listas serán publicadas, ademais, no taboleiro oficial e na páxina web da Universidade de Vigo.

Normativa e procedemento para a contratación de profesorado substituto na Universidade de Vigo

2. Concurso para a xeración de listas de agarda de profesorado substituto

2.2.3. A avaliación dos méritos presentados polas persoas aspirantes será feita por unha comisión de selección, composta por tres docentes da área ou das áreas afíns (máis tres suplentes), que se constituirá e fará públicos os requisitos, que se terán en conta para a avaliación dos méritos, previamente á súa presentación polas persoas solicitantes.

Así mesmo, formará parte das comisións de selección unha persoa representante do persoal traballador con voz e sen voto, se así o solicita a propia representación sindical, a comisión ou algunha das persoas candidatas, sempre e cando este requirimento se faga antes da xuntanza na que se leve a cabo a avaliación dos méritos.

Normativa e procedemento para a contratación de profesorado substituto na Universidade de Vigo

ANEXO I BAREMO PARA A CUALIFICACIÓN DE MÉRITOS PARA A CONTRATACIÓN DE PROFESORADO SUBSTITUTO

- As persoas candidatas terán que seleccionar un máximo de 10 méritos de entre os que a continuación se relacionan, tendo en conta que, dentro de cada un destes tres bloques (titulación/formación académica, experiencia docente e experiencia laboral/investigadora), cada un dos apartados de cada bloque suporá un mérito para os efectos de presentación de méritos por parte da persoa candidata. Para cada mérito presentado, a persoa candidata terá que explicar a relevancia do mérito elixido para a lista de agarda e introducirá, así mesmo, a puntuación que este supón, de acordo co baremo aquí relacionado e coa documentación achegada.

A vicerreitora indica que este punto aprobouse por maioría, en mesa, e por asentimento en COAP, e vai estar incluído na convocatoria. O Anexo é acorde co espírito de COARA, calidade fronte a cantidade.

ANEXO I. Baremo para a cualificación de méritos para a contratación de profesorado substituto

1. TITULACIÓN / FORMACION ACADÉMICA

Cada un dos apartados deste bloque suporá un mérito a efectos de presentación de méritos por parte das persoas candidatas.

A puntuación do/s apartados correspondente/s dividirse por dous no caso de titulacións afíns ou áreas afíns. No caso de áreas non afíns quedará a discreción da comisión igualar a súa valoración a das áreas afíns ou fixar unha puntuación inferior.

- a) Expediente académico na Diplomatura/Licenciatura/Grao/Enxeñaría ou equivalente (nota media do expediente. A suma dos puntos acadados dividirse polo número total de convocatorias consumidas). Entenderase incluída aquí a titulación universitaria requirida para optar á praza.

Matricula de honra	4
Sobresaliente	3
Notable	2
Aprobado	1

- b) Premio Extraordinario de Licenciatura/Grao/Enxeñaría ou equivalente: 0,5 puntos

- c) Expediente académico no Mestrado (nota media do expediente. A suma dos puntos acadados dividirse polo número total de convocatorias consumidas)

Matricula de honra	4
Sobresaliente	3
Notable	2
Aprobado	1

ANEXO I. Baremo para a cualificación de méritos para a contratación de profesorado substituto

d) Premio Extraordinario de Mestrado: 0,5 puntos

e) Tese de Doutoramento

Sobresaliente "cum laude" (ou Apto "cum laude")	4
Sobresaliente	3
Notable	2
Aprobado	1

f) Premio Extraordinario de Doutoramento: 0,5 puntos

g) Outros cursos de especialización: máx. 1 punto

h) Outros méritos académicos: máx. 1 punto

ANEXO I. Baremo para a cualificación de méritos para a contratación de profesorado substituto

2. EXPERIENCIA DOCENTE

Cada un dos apartados deste bloque suporá un mérito a efectos de presentación de méritos por parte das persoas candidatas.

A puntuación do/s apartado/s correspondente/s dividírase por dous no caso de áreas afíns. No caso de áreas non afíns quedará a discreción da comisión igualar a súa valoración a das áreas afíns ou fixar unha puntuación inferior.

a) Docencia universitaria:

- I. 1 punto por cada ano de docencia en réxime de dedicación a tempo completo.
- II. 0,5 punto por cada ano en réxime de dedicación a tempo parcial.

b) Docencia non universitaria:

- I. 0,250 puntos por cada ano de docencia en réxime de dedicación a tempo completo (no caso de que a Comisión Específica de Área acorde considerar esta actividade como experiencia profesional non se valorará neste apartado).
- II. 0,125 puntos por cada ano de docencia en réxime de dedicación a tempo parcial (no caso de que a Comisión Específica de Área acorde considerar esta actividade como experiencia profesional non se valorará neste apartado).

c) Acreditación de formación pedagóxica regulamentada: ata 1 punto.

d) Cursos de formación docente recibidos: 0,2 puntos por cada 100 h de docencia recibida, ata o máximo de 1 punto

e) Cursos de formación docente impartidos: 0,2 puntos por cada 20 h de docencia impartida, ata o máximo de 1 punto

f) Participación en proxectos de innovación docente: 0,2 puntos ata o máximo de 1 punto

Nos casos de docencia inferiores a un ano procedérase ao rateo da puntuación.

ANEXO I. Baremo para a cualificación de méritos para a contratación de profesorado substituto

3. EXPERIENCIA LABORAL E INVESTIGADORA

Cada un dos apartados deste bloque suporá un mérito a efectos de presentación de méritos por parte das persoas candidatas.

Valorarase a experiencia laboral ou investigadora que se axuste ao perfil definido na convocatoria da praza. Para outra experiencia laboral ou investigadora relacionada coa área, a puntuación será a determinada pola comisión. No caso de experiencia laboral ou investigadora non relacionada coa área, a súa avaliación quedará, igualmente, a discreción da comisión.

- a) Actividade laboral que require título universitario: ata 0,5 puntos por ano (entenderanse aquí tamén incluídos os contratos de investigación, bolsas FPI/FPU ou equivalentes). A persoa candidata terá que demostrar de xeito fehaciente a relación da actividade laboral desempeñada coas materias da área da lista de agarda á que se presenta.
- b) Actividade laboral que non require título universitario: ata 0,05 puntos por ano. A persoa candidata terá que demostrar de xeito fehaciente a relación da actividade laboral desempeñada coas materias da área da lista de agarda á que se presenta.
- c) Publicacións investigadoras: a persoa candidata elixirá a publicación de maior relevancia que poderá ser valorada con un máximo de ata 1 punto.
- d) Proxectos de investigación: a persoa candidata elixirá o proxecto de maior relevancia que poderá ser valorado con un máximo de ata 1 punto.
- e) Outros méritos (bolsas de colaboración, estadias de investigación recibidos, etc.): ata 1 punto.

Nos casos de contratos a tempo parcial ou por períodos inferiores a un ano procederase ao rateo da puntuación.

ANEXO V. Xustificación e presentación de méritos

1. Titulación/Formación académica

a) Expediente académico da diplomatura/licenciatura/grao/enxeñaría ou equivalentes.

Copia simple da certificación académica na que consten as cualificacións obtidas nos estudos universitarios e a data das mesmas, así como o número de convocatorias utilizadas para superar cada materia.

b) Premio extraordinario da licenciatura/grao/enxeñaría ou equivalentes (entenderase incluída aquí a titulación universitaria requirida para optar a praza).

Copia simple da certificación que o acredite.

c) Expediente académico do Mestrado.

Copia simple da certificación académica na que consten as cualificacións obtidas nos estudos universitarios e a data das mesmas, así como o número de convocatorias utilizadas para superar cada materia.

d) Premio extraordinario de Mestrado.

Copia simple da certificación que o acredite.

e) Tese de doutoramento.

Copia simple do título ou da certificación de expedición do título ou, de ser o caso, da credencial de homologación ou o seu recoñecemento para o exercicio como docente de universidade expedida polo Ministerio de Educación.

f) Premio extraordinario de doutoramento.

Copia simple da certificación que o acredite.

g) Outros cursos de especialización.

Copia simple da certificación que o acredite.

h) Outros méritos académicos.

Copia simple da certificación que o acredite.

ANEXO V. Xustificación e presentación de méritos

2. Experiencia docente

a-I) Docencia universitaria en réxime de dedicación a tempo completo.

Certificados de docencia expedidos polo órgano competente da universidade.

a-II) Docencia universitaria en réxime de dedicación a tempo parcial.

Certificados de docencia expedidos polo órgano competente da universidade.

b-I) Docencia non universitaria en réxime de dedicación a tempo completo.

Acreditación dos méritos alegados mediante os pertinentes documentos.

b-II) Docencia non universitaria en réxime de dedicación a tempo parcial.

Acreditación dos méritos alegados mediante os pertinentes documentos.

c) Acreditación de formación pedagóxica regulamentada

Acreditación dos méritos alegados mediante os pertinentes documentos.

d) Cursos de formación docente recibidos

Copia simple da certificación que o acredite.

e) Cursos de formación docente impartidos

Copia simple da certificación que o acredite.

f) Participación en proxectos de innovación docente

Copia simple da certificación que o acredite.

ANEXO V. Xustificación e presentación de méritos

3. Experiencia laboral e investigadora

A experiencia laboral acreditarase coa seguinte documentación:

- **En traballos por conta allea:** certificado de servizos prestados en administracións e organismos públicos ou certificado actualizado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- **En traballos por conta propia:** certificado actualizado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social. No suposto de que para a actividade profesional que se exerce non resulte obrigatoria a alta en ningún réxime do sistema da Seguridade Social, deberase presentar certificación da mutualidade correspondente á súa actividade.
- **Publicacións: libros, capítulos de libros, artigos científicos, patentes, exposicións individuais e colectivas, etc. Acreditación dos méritos alegados mediante os pertinentes documentos, e nos seguintes casos como se indica a continuación:**
 - Para libros: copias da portada e título, autores (editores), créditos do libro (editorial, ISBN...), índice, ano de publicación. No caso de capítulos de libros, incluír ademais: primeira e última páxina do capítulo, asemade o índice de capítulos no que figure a contribución da persoa candidata.
 - Para artigos científicos: copia da primeira e última páxina do artigo publicado. Se non figura na primeira páxina do artigo a información relativa ó número ou volume da revista, engadíranse copias do índice da revista ou outras páxinas que acrediten esta información.
 - Para patentes: copia dos documentos oficiais de rexistro e concesión ou copia dos documentos que acrediten a explotación da mesma/s.

ANEXO V. Xustificación e presentación de méritos

- **Participación xustificada en proxectos de investigación subvencionados en convocatorias oficiais, outros proxectos I+D en empresas ou institucións.** Copia do documento de concesión e das páxinas que avalan: a participación da persoa interesada, a duración e a cantidade subvencionada. Alternativamente poderá acreditarse o mérito cun certificado expedido pola universidade ou centro de investigación titular do proxecto que inclúa os mesmos datos. Non se admiten xustificacións asinadas polo investigador principal se non están refrendadas pola correspondente Vicerreitoría de Investigación ou órgano certificador.
- **Outros méritos:** acreditación dos méritos alegados mediante os pertinentes documentos.

Asemade, para a valoración destes méritos poderanse presentar outros documentos acreditativos da experiencia laboral.

FORMA DE PRESENTACIÓN DOS MÉRITOS

Os xustificantes orixinais dos 10 méritos presentados deberán ser dixitalizados e incluídos preferentemente nun único* arquivo con formato pdf. Este arquivo deberá incluír un índice de todos os documentos que contén.

O arquivo deberá nomearse como **Xustifica_DNI_CodPraza.pdf** (onde DNI se substituirá polo número de DNI da persoa candidata e CodPraza polo código da praza á que se presenta)

Intervén Miguel Cuevas (achega a súa intervención á Secretaría Xeral): “Posto que foi CIG quen puxo algunhas obxeccións á aprobación destas cuestións na mesa de negociación, fundamentalmente do baremo, considero que hai que explicar cal foi o motivo da discrepancia.

En primeiro lugar, debemos indicar que a cuestión de selección de dez méritos parécenos que pode dar orixe a atrancos, debido a que se trata dun procedemento de concurso dentro dunha administración pública e que a limitación temporal e do número de méritos pode causar problemas, mesmo de tipo xurídico. Como sinalamos en mesa de negociación, cremos que CoARA non está pensada exactamente para procesos de selección deste tipo senón para unha avaliación da investigación con outros fines (acadar complementos como os sexenios, etc.).

Pero quizais o aspecto máis problemático sexa o que ten que ver co baremo. Hai que indicar que o baremo negociouse nunha sesión da mesa de negociación moi longa que rematou case ás 15:30 horas. Despois de unhas dúas horas e media reelaborando o baremo inicial con moitísimos cambios sobre a mesa non tivemos unha visión completa do documento que permitira facerse idea cabal do resultado. Neste senso, dámonos de conta de que a investigación está infravalorada (limitada a un punto en publicacións e a un punto en proxectos) con respecto á docencia (con puntuación ilimitada), polo que quen vaia acumulando máis puntos de docencia terá cada vez máis posibilidades de acadar unha praza, independentemente doutros méritos (nomeadamente a investigación, por exemplo).

Trátase dunha cuestión de filosofía do que entendemos por profesorado universitario de xeito que, ao marxe de que a LOSU marque para estas figuras un contrato docente que non se pode estender á investigación ou á xestión, a redución á marxinalidade da investigación está a descompoñer a idea de profesor/a universitario/a e prescindir da relación entre investigación e docencia.

Consideramos que nos procesos de selección de profesorado universitario débense valorar os méritos de ambas facetas de xeito equilibrado.

Concordo co reitor en que estas figuras quizais deberían poder ter unha cara investigadora pero, polo de agora, a lei non o permite. Agora ben, non se discute neste sentido o que permite facer ou non o contrato segundo a LOSU senón de se é axeitado na avaliación dun profesor universitario, neste caso substituto, prescindir practicamente do valor dos seus méritos investigadores."

O reitor comenta que lle parece que Miguel Cuevas non ve a figura do profesor substituto que marca a LOSU, aínda que o reitor pensa que é unha boa idea. Ademais, cre que se chegara a un acordo naquela reunión, espera que isto non sexa unha mudanza. A vicerreitora de profesorado comenta que as normativas son documentos vivos e poderíanse ver de novo cando sexa preciso mudalos.

Miguel Cuevas comenta que ve ben o feito de que sexan normativas vivas, con certa prudencia. Miguel está a favor desta figura, non está a falar do contrato, está falando do acceso a esta figura, e do concepto e a filosofía de profesor universitario, non está en contra da LOSU.

Jaime González, sen opoñerse ao trámite desta normativa, que está a favor, sinala que é un pouco desalentador que sexa o propio equipo de goberno o que xa espere que sexan os equipos e os grupos de investigación os que incumpran a lei, facendo que o persoal substituto investigue, aínda que sexa de forma extraoficial, como indica o reitor, xa que debería ser a universidade a que faga cumprir a lei e, en caso contrario, que actúe como considere oportuno. En última instancia, entende que a limitación (aunque está de acordo co representante da CIG), ata certo punto, non deixa de ser unha forma de desincentivar as figuras precarias, que dalgunha maneira se institucionalicen e, en vez de elixir algunhas prazas novas, os departamentos opten por estas listas

de substitución que lle permiten cubrir todas as súas necesidades. Por último, insiste en que lle parece pouco alentador que o equipo de goberno xa espere que se incumpra esa normativa.

O reitor indica que quizais non se explicou ben, xa que a Universidade de Vigo vai ser escrupulosa coa Lei, polo que non se vai recoñecer a investigación que poidan facer os profesores substitutos. Intervén Coral del Río con respecto a transición, para saber se poden enviar as listas de agarda de novo como se estiveran esgotadas.

A vicerreitora responde que os departamentos poden enviar as listas cando o consideren.

Apróbase por asentimento.

5. Aprobación, se procede, dunha modificación na Normativa reguladora dos concursos de acceso aos corpos docentes universitarios e ás categorías de profesorado permanente laboral e profesorado axudante doutor na Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica quen informa da seguinte modificación, incidindo na importancia de poñer ao mesmo nivel as dúas linguas oficiais da Universidade de Vigo, o cal foi aprobada por asentimento en mesa e na COAP:

Normativa reguladora dos concursos de acceso aos corpos docentes universitarios

Disposición adicional segunda

As persoas candidatas acreditarán o coñecemento de polo menos unha das dúas linguas oficiais da Universidade de Vigo no momento da saída a concurso da praza, de conformidade co establecido na lexislación vixente e cos seguintes efectos:

- As persoas candidatas acreditarán un coñecemento suficiente do español como lingua estranxeira de nivel B2 ou superior, mediante algún dos certificados incluídos na táboa de acreditacións aceptadas pola Asociación de Centros de Linguas na Ensinanza Superior (ACLES). Estarán eximidas deste requisito as persoas que sexan nacionais de estados que teñen o español como lingua oficial.
- A acreditación do coñecemento do idioma galego farase consonte a normativa autonómica aplicable mediante un diploma Celga 3 (ou equivalente) ou superior.

A Universidade disporá os medios necesarios para que o profesorado seleccionado, que inicialmente non poida acreditar algunha das dúas linguas oficiais da Universidade de Vigo, estea en condicións de facelo antes de transcorridos dous (2) anos desde a contratación ou o nomeamento, de tal xeito que, dous anos tras o nomeamento, teña as competencias requiridas tanto en lingua española como en lingua galega.

Universidade de Vigo



Miguel Cuevas agradece ao equipo de goberno por facer esta modificación, xa que a anterior redacción era inaplicable, incongruente e mesmo ilegal, e a sensibilidade polas dúas linguas ao mesmo nivel, hai que axudar dende o equipo de goberno para poder chegar a esas competencias.

O reitor agradece a suxestión, o novo director de Normalización Lingüística axudará nesta etapa sobre todo en formación.

Apróbase por asentimento.

6. Aprobación, se procede, de modificacións na Normativa, Procedemento, e Efectos da Avaliación da Actividade Docente.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica, quen informa de que tanto o persoal docente que preste servizos a tempo parcial, como o persoal contratado posdoutoral con dereito a impartir docencia na Universidade de Vigo poderá solicitar a avaliación da súa actividade docente, aínda que os efectos económicos só se farán efectivos cando pasen a prestar servizos como parte do cadro de persoal a tempo completo. A vicerreitora quere facer constar que aínda que o persoal docente a tempo parcial será avaliado na convocatoria que se abrirá en decembro deste ano, chegouse a o acordo na mesa de negociación de que o persoal contratado posdoutoral con dereito a impartir docencia na Universidade de Vigo será avaliado nunha convocatoria extraordinaria, acordo que foi aprobado na COAP, quedando do seguinte xeito:

Normativa, procedemento e efectos da avaliación da actividade docente

REQUISITOS

Poderá presentar a solicitude o persoal funcionario de carreira ou interino dos corpos docentes universitarios.....

Tamén poderá presentar a súa solicitude o persoal docente que preste servizos na Universidade de Vigo en réxime de dedicación a tempo parcial, así como o persoal contratado posdoutoral con dereito a impartir docencia (Ramón y Cajal, Beatriz Galindo, Isidro Parga Pondal, Juan de la Cierva, Ángeles Alvariño e doutros programas posdoutorais da Universidade de Vigo, da Xunta de Galicia ou do Estado que permita a impartición de docencia en POD), os cales poderán someter á avaliación a súa actividade docente, aínda que os correspondentes efectos económicos se xerarán soamente a partir do momento no que pasen a prestar servizos na Universidade como parte do cadro de persoal a tempo completo (profesorado laboral axudante doutor, profesorado permanente laboral ou nalgunha figura funcional).

Apróbase por asentimento.

7. Aprobación, se procede, da aclaración das empresas creadas ou participadas pola Universidade de Vigo nas que o persoal docente poderá prestar servizos a tempo parcial.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica quen explica a necesidade de considerar os seguintes requisitos para as empresas creadas ou participadas pola Universidade de Vigo:

Consideración das empresas da UVigo nas que o persoal docente poderá prestar servizos a tempo parcial

A Lei 17/2022, do 5 de setembro, pola que se modifica a Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, que debe terse especialmente en conta para estes efectos, especifica que:

«Artículo 18. Participación del personal de investigación de los agentes de ejecución del sector público en sociedades mercantiles.

1. La prestación de servicios por parte del personal de investigación en sociedades mercantiles creadas o participadas por la entidad para que dicho personal preste servicios, será considerada como una actividad de interés general. Como tal, esta ley ampara, protege y promueve estas actividades. Las universidades públicas podrán autorizar al personal de investigación la prestación de servicios mediante un contrato laboral a tiempo parcial en sociedades mercantiles y otras entidades con personalidad jurídica creadas o participadas por la entidad para la que dicho personal preste servicios.»

Consideración das empresas da UVigo nas que o persoal docente poderá prestar servizos a tempo parcial

Co fin de aclarar o concepto de «empresa creada ou participada na Universidade de Vigo», establécese no presente acordo, que serán consideradas empresas creadas e/ou participadas pola Universidade de Vigo aquelas que cumpran polo menos un dos seguintes requisitos:

1. Empresas que estean participadas pola Universidade de Vigo no seu capital fundacional.
2. Empresas sobre as que exista un acordo previo do Consello de Goberno ao respecto.
3. Empresas que poñan á disposición ou en explotación un resultado de investigación ou unha patente xurdida nun grupo de investigación da Universidade de Vigo.

Apróbase por asentimento.

8. Aprobación, se procede, da extinción do Máster Universitario en Industria 4.0.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente para que informe sobre a citada extinción do máster:

Informado favorablemente por asentimento da COAP o 20 de novembro de 2024

- Acordo da Escola de Enxeñaría Industrial, Informática e Aeroespacial da Universidad de León do 2 de febreiro de 2024
- Acordo da Escola de Enxeñaría Industrial da Universidade de Vigo do 25 de outubro de 2024 no que se solicita a extinción do mestrado.

PROCEDEMENTO:

- Aprobación no Consello de Goberno.
- Aprobación no Consello Social.
- Solicitude de revogación á Secretaría Xeral de Universidades para a súa aprobación no vindeiro Consello Galego de Universidades.

Universidade de Vigo



Rafael Durán pregunta sobre o motivo da extinción e o vicerreitor contesta que non cumpre co número mínimo de estudantes requirido.

Apróbase por asentimento.

9. Aprobación, se procede, da tramitación das modificacións non substanciais das titulacións de grao, máster e programas de doutoramento para a súa adaptación ao RD 822/2021.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente, quen procede coa seguinte información:

Informado favorablemente por asentimento da COAP o 20 de novembro de 2024

MODIFICACIÓNS NON SUBSTANCIAIS DAS TITULACIÓNS DA UNIVERSIDADE DE VIGO
2024/2025

GRAO	CENTRO	INTERUNIV.	ÁMBITO	SOLICITUDE	FORMACIÓN BÁSICA VINCULADA AO ÁMBITO	MATERIAS VINCULADAS AO ÁMBITO	Observacións/ incidencias
Gráo en Administración e Dirección de Empresas	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais Facultade de Turismo	NON	Ciencias económicas, administración e dirección de empresas, marketing, comercio, contabilidade e turismo. Xa tramitado en 2023/2024.	Corrección de tres erratas en tres fichas de materia. Modificar o rango de de presencialidade entre o 30 e o 33% en todas as materias do plan de estudos.			
Gráo en Enxeñaría Aeroespacial	Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo	NON	Enxeñaría industrial, enxeñaría mecánica, enxeñaría automática, enxeñaría da organización industrial e enxeñaría da navegación.	Vinculación da titulación ao ámbito de coñecemento.		Enxeñaría industrial, enxeñaría mecánica, enxeñaría automática, enxeñaría da organización industrial e enxeñaría da navegación 30 ECTS	Cálculo I (6 ECTS) Álgebra lineal (6 ECTS) Física I (6 ECTS) Física II (6 ECTS) Química (6 ECTS)

Universidade de Vigo



Informado favorablemente por asentimento da COAP o 20 de novembro de 2024

MODIFICACIÓNS NON SUBSTANCIAIS DAS TITULACIÓNS DA UNIVERSIDADE DE VIGO
2024/2025

GRAO	CENTRO	INTERUNIV.	ÁMBITO	SOLICITUDE	FORMACIÓN BÁSICA VINCULADA AO ÁMBITO	MATERIAS VINCULADAS AO ÁMBITO	Observacións/ incidencias
Gráo en Intelixencia Artificial	Escola Superior de Enxeñaría Informática	SI	Enxeñaría informática e de sistemas	Vinculación da titulación ao ámbito de coñecemento. Corrección de sistemas varias erratas detectadas na memoria	Enxeñaría informática e de sistemas 30 ECTS	ÁMBITO DE ENXEÑARÍA INFORMÁTICA E DE SISTEMAS Introdución ás computadoras (6 ECTS) Programación I (6 ECTS) Programación II (6 ECTS) Adquisición e procesamento do sinal (6 ECTS) Lóxica (6 ECTS) ÁMBITO DE MATEMÁTICAS E ESTATÍSTICA Álgebra Cálculo e análise numérica Matemática discreta Estatística ÁMBITO DE CIENCIAS ECONÓMICAS, ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS, MARKETING, COMERCIO, CONTABILIDADE E TURISMO Xestión de organizacións	

Universidade de Vigo



Informado favorablemente por asentimento da COAP o 20 de novembro de 2024

MODIFICACIÓNS NON SUBSTANCIAIS DAS TITULACIÓNS DA UNIVERSIDADE DE VIGO
2024/2025

GRAO	CENTRO	INTERUNIV.	ÁMBITO	SOLICITUDE	FORMACIÓN BÁSICA VINCULADA AO ÁMBITO	MATERIAS VINCULADAS AO ÁMBITO	Observacións/ Incidencias
Grao en Tradución e Interpretación	Facultade de Filoloxía e Tradución	NON	Arte e humanidades Xa tramitado en 2023/2024	Cambio de varias materias ao primeiro cuatrimestre.			
Grao en Historia	Facultade de Historia	NON	Historia, arqueoloxía, xeografía, filosofía e humanidades Xa tramitado en 2023/2024	A revisión céntrase en incorporar a linguaxe inclusiva, seguindo as recomendacións do Manual de linguaxe inclusiva da Universidade de Vigo e outras normativas vixentes, sen que iso supoña, en ningún caso, un cambio na estrutura e no contido da memoria.			
Grao en Dirección e Xestión Pública	Facultade de Dirección e Xestión Pública	NON	Ciencias sociais, traballo social, relacións laborais e recursos humanos, socioloxía, ciencia política e relacións internacionais	Vinculación da titulación ao ámbito de coñecemento.	Ciencias sociais, traballo social, relacións laborais e recursos humanos, socioloxía, ciencia política e relacións internacionais 60 ECTS. A totalidade da formación básica.		

Universidade de Vigo



Informado favorablemente por asentimento da COAP o 20 de novembro de 2024

MODIFICACIÓNS NON SUBSTANCIAIS DAS TITULACIÓNS DA UNIVERSIDADE DE VIGO
2024/2025

GRAO	CENTRO	INTERUNIV.	ÁMBITO	SOLICITUDE	FORMACIÓN BÁSICA VINCULADA AO ÁMBITO	MATERIAS VINCULADAS AO ÁMBITO	Observacións/ Incidencias
Grao en Educación Infantil	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte / Facultade de Educación e Traballo Social / Escola Universitaria CEU de Maxisterio de Vigo	NON	Ciencias da educación	Vinculación da titulación ao ámbito de coñecemento	Ciencias da educación 60 ECTS. A totalidade da formación básica.	A totalidade de materias de formación básica vincúlense ao mesmo ámbito da titulación.	Alegacións Lingua Española e Lingua Galega. Correo electrónico Socioloxía.
Grao en Educación Primaria	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte / Facultade de Educación e Traballo Social / Escola Universitaria CEU de Maxisterio de Vigo	NON	Ciencias da educación	Vinculación da titulación ao ámbito de coñecemento	Ciencias da educación 60 ECTS. A totalidade da formación básica.	A totalidade de materias de formación básica vincúlense ao mesmo ámbito da titulación.	Correo electrónico Socioloxía.

Universidade de Vigo



MODIFICACIÓNS NON SUBSTANCIAIS DAS TITULACIÓNS DA UNIVERSIDADE DE VIGO
2024/2025

GRAO	CENTRO	INTERUNIV.	ÁMBITO	SOLICITUDE	FORMACIÓN BÁSICA VINCULADA AO ÁMBITO	MATERIAS VINCULADAS AO ÁMBITO	Observacións/ Incidencias
Grao en Bioloxía	Facultade de Bioloxía	NON		Vinculación da titulación ao ámbito de coñecemento.	Bioloxía e xenética	Todas	Solicitada modificación substancial. Necesidade de solicitar ambas.
Grao en Publicidade e Relacións Públicas	Facultade de Comunicación	NON		Vinculación da titulación ao ámbito de coñecemento.			Solicitada modificación substancial. Necesidade de solicitar ambas. PENDENTE DO CG DECEMBRO.
Grao en Economía	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	NON		Vinculación da titulación ao ámbito de coñecemento.			Solicitada modificación substancial. Necesidade de solicitar ambas. PENDENTE DO CG DECEMBRO.
Grao en Enfermaria	Facultade de Comunicación	NON		Vinculación da titulación ao ámbito de coñecemento.	Enfermaria. Toda a formación básica.		Solicitada modificación substancial. Necesidade de solicitar ambas. PENDENTE DO CG DECEMBRO.

EDUCACIÓN INFANTIL:

- Rama de coñecemento → Ámbito de coñecemento
- Ciencias sociais e xurídicas → Ciencias da educación
- Formación básica → Ciencias da educación
- Acordo dos tres centros implicados na docencia.

Alegacións recibidas

MATERIA: Comunicación: Lingua galega

- | | | |
|--|---|-------------|
| <ul style="list-style-type: none">• Rama de coñecemento coñecemento | | Ámbito de |
| |  | |
| <ul style="list-style-type: none">• Comunicación educación | | Ciencias da |
| <ul style="list-style-type: none">• Área de coñecemento de impartición: Filoloxía Galega e Portuguesa | | |
| <ul style="list-style-type: none">• Alegación do Departamento de Filoloxía Galega e Latina: | | |
| <ul style="list-style-type: none"><ul style="list-style-type: none">• Adscrición ámbito: filoloxía, estudos clásicos, tradución e lingüística. | | |

Corrección con respecto á diapositiva (non se visualiza ben): Ámbito de coñecemento: Ciencias da educación, solicitado polo profesor Xosé Henrique Costas.

Alegacións recibidas

MATERIA: Comunicación: Lingua española

- | | | |
|--|---|-------------|
| <ul style="list-style-type: none">• Rama de coñecemento coñecemento | | Ámbito de |
| |  | |
| <ul style="list-style-type: none">• Comunicación educación | | Ciencias da |
| <ul style="list-style-type: none">• Área de coñecemento de impartición: Lingua Española | | |
| <ul style="list-style-type: none">• Alegación do Departamento de Lingua Española: | | |
| <ul style="list-style-type: none"><ul style="list-style-type: none">• Adscrición ámbito: filoloxía, estudos clásicos, tradución e lingüística. | | |

Solicítouse a adscrición ao ámbito de Ciencias da Educación.

Correo recibido do Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración e Filosofía

MATERIA: Socioloxía: Socioloxía da educación

- | | | |
|---|---|-------------|
| <ul style="list-style-type: none">• Rama de coñecemento coñecemento | | Ámbito de |
| |  | |
| <ul style="list-style-type: none">• Socioloxía educación | | Ciencias da |
- Alegación do Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración e Filosofía:
- Adscripción ámbito: ciencias sociais, traballo social, relacións laborais e recursos humanos, socioloxía, ciencia política e relacións internacionais.

Universidade de Vigo



(O que non se visualiza): alegación do Departamento de Socioloxía, Ciencias Política e da Administración e Filosofía.

Correo recibido do Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración e Filosofía

MATERIA: Antropoloxía: Pensamento e cultura

- | | | |
|---|---|-------------|
| <ul style="list-style-type: none">• Rama de coñecemento coñecemento | | Ámbito de |
| |  | |
| <ul style="list-style-type: none">• Antropoloxía educación | | Ciencias da |
- Alegación do Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración e Filosofía:
- Adscripción ámbito: historia, arqueoloxía, xeografía, filosofía e humanidades.

Universidade de Vigo



(O que non se visualiza): alegación do Departamento de Socioloxía, Ciencias Política e da Administración e Filosofía.

Informado favorablemente por asentimento da COAP o 20 de novembro de 2024

PROPOSTA DA COAP

- Informar favorablemente a proposta de adscrición ao ámbito de coñecemento da formación básica, das xuntas dos tres centros implicados.
- Manter, mentres non haxa una modificación substancial da memoria, as materias do plan de estudo actual ás áreas de coñecemento ás que están adscritas.

➤ EDUCACIÓN PRIMARIA:

- | | | |
|---|---|-----------------------|
| ➤ Rama de coñecemento | ➡ | Ámbito de coñecemento |
| ➤ Ciencias sociais e xurídicas | ➡ | Ciencias da educación |
| ➤ Formación básica | ➡ | Ciencias da educación |
| ➤ Acordo dos tres centros implicados na docencia. | | |

Correo recibido do Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración e Filosofía

➤ MATERIA: Socioloxía: Socioloxía da educación.

➤ Rama de coñecemento
coñecemento

Ámbito de

➤ Socioloxía
educación



Ciencias da

➤ Alegación do Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración e Filosofía:

➤ Área de coñecemento de impartición: Socioloxía

➤ Adscrición ámbito: ciencias sociais, traballo social, relacións laborais e recursos humanos, socioloxía, ciencia política e relacións internacionais.

Correo recibido do Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración e Filosofía

➤ MATERIA: Socioloxía: Sociedade, cultura e pensamento

➤ Rama de coñecemento

Ámbito de coñecemento

➤ Socioloxía



Ciencias da educación

➤ Área de coñecemento de impartición: Filosofía

➤ Alegación do Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración e Filosofía:

➤ Adscrición ámbito: historia, arqueoloxía, xeografía, filosofía e humanidades.

Informado favorablemente por asentimento da COAP o 20 de novembro de 2024

PROPOSTA DA COAP

- Informar favorablemente a proposta de adscrición ao ámbito de coñecemento da formación básica, das xuntas dos tres centros implicados.
- Manter, mentres non haxa una modificación substancial da memoria, as materias do plan de estudo actual ás áreas de coñecemento ás que están adscritas.

Universidade de Vigo



O vicerreitor comunica que este Plan de Estudos vaise modificar.

O reitor cede a palabra ás persoas invitadas para falar con respecto á adscrición de materias a un ámbito.

A primeira en falar é Rosa Pérez, axuntando a intervención remitida pola mesma: “Bo día.

A miña intervención ten que ver coa modificación non substancial do Grao en Educación Infantil. Agradezo a oportunidade de manifestarme sobre este asunto que afecta directamente ao meu departamento (e a outros), así como ao alumnado do grao do que estamos a tratar.

O meu departamento presentou o pasado 15 de novembro un documento de alegacións a esta modificación; nesta intervención referireime brevemente aos seus puntos principais.

Esta modificación non substancial do grao en cuestión está, en principio, motivada pola necesidade de adecuar o título ó RD 822/2021. Tal como figura na documentación, a solicitude é vincular o título ao ámbito de coñecemento correspondente, o de Ciencias da Educación. Non hai nada que opoñer a isto.

O problema xorde cando a Xunta de Facultade decide non só vincular o título a ese ámbito de Ciencias da educación, senón tamén practicamente todas as materias de formación básica, incluída a materia Comunicación: lingua española, pertencente á área de Lingua española, que non corresponde a ese ámbito, senón ao de Filoloxía, estudos clásicos, tradución e lingüística.

É isto necesario? En absoluto. O decreto recolle que, dos 60 créditos de formación básica, “al menos la mitad estarán vinculados al mismo ámbito de conocimiento en el que se inscribe el título, y el resto estarán relacionados con otros ámbitos del conocimiento diferentes al que se ha adscrito el título”.

É isto conveniente ou aconsellable? Tampouco. Esta vinculación da materia a un ámbito que non lle corresponde pode ter consecuencias de diversos tipos. Unha delas pode ser a validación automática doutras materias do ámbito de Ciencias da educación polas de Lingua española ou Lingua galega,

por exemplo, sen demostrar un coñecemento apropiado destas. Outra delas é que as áreas das materias afectadas poderían perder a asignación das materias, que pasarían a estar impartidas por

profesorado xa non doutras áreas senón doutro ámbito, con todas as implicacións que isto tería na formación do alumnado. Téñase en conta que a competencia en comunicación lingüística figura como unha das competencias clave no novo currículo de educación e os seus contidos están profundamente vencellados á formación do ámbito de coñecemento “Filoloxía, estudos clásicos, tradución e lingüística”.

O Vicerreitor de Titulacións asegurou na COAP que a adscrición da nosa materia ao ámbito de Ciencias da Educación non ten consecuencias porque a docencia vai continuar encargándose á área de Lingua española, como ata agora. Agradezo ese compromiso, pero non resolve o problema porque dende o momento en que a materia quede asignada a un ámbito que non é o de Filoloxía, as áreas do ámbito en cuestión poden pretender argumentar esa asignación para reclamar a docencia da materia. Non é, polo tanto, necesaria nin conveniente esta asignación. Entón, por que ou para que se propón? Ata onde eu sei, dende que comezou este proceso, non tivemos ningunha resposta a estas preguntas máis alá de “porque se pode” e “porque a Xunta de Facultade decidiu facelo así”.

Ningunha destas respostas é razoable. É como dicir “porque si”. Que a Xunta de centro quere facelo así é evidente. Que se poida facer é, como mínimo, sorprendente. Para que existe un real decreto de asignación de áreas a ámbitos se, á hora da verdade, podemos asignar calquera materia a calquera ámbito, independentemente de a que área pertenza? Di o Vicerreitor que non está en cuestión a pertenza da materia á área, pero resulta difícil de crer, porque o único sentido que pode ter esta asignación é precisamente poñer en cuestión a pertenza da materia á área. Non podemos ignorar o feito de que a LOSU vencella a saída de prazas de profesorado a ámbitos de coñecemento, o que pode resultar unha motivación poderosa para reclamar materias nun momento dado, mesmo materias que claramente pertencen a outras áreas.

O certo, como xa dixen na miña intervención na COAP, é que non acabo de crer que esteamos discutindo este asunto. Vai contra o sentido común ter que explicar por que non está ben que unha materia se adscriba a un ámbito de coñecemento ao que non pertence a área implicada.

Tendo en conta o antedito, pídovos que votedes contra esta modificación do título co fin de que se poida cambiar o formulario e adscribir adecuadamente as materias de FB que non son do ámbito de Ciencias da Educación ao ámbito que lles corresponde; concretamente, a de Comunicación: lingua española ao ámbito de “Filoloxía, estudos clásicos, tradución e lingüística”, segundo recolle o RD 822/2021.

Grazas”.

O reitor felicita a Rosa Pérez pola súa exposición, e engade que haberá que encontrar unha solución acaída para todos.

Intervén a continuación Cristina Caruncho, axuntando a intervención remitida pola mesma: “Buenos días, quisiera iniciar mi intervención agradeciendo al rector la oportunidad que me da de poder intervenir en este Consejo de Gobierno. Mi nombre es Cristina Caruncho Michinel y participo en este foro en calidad de directora del departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Admón. e Filosofía, con el fin de solicitar amparo ante este órgano de gobierno para revertir el “error” que a nuestro entender han cometido las juntas de titulación de primaria e infantil y la junta de facultad de la facultad de Educación y Deporte en relación al tema de las adscripciones de estos títulos y las materias básicas que en ellos deberán impartirse. Tal resolución (tomada por mayoría de los miembros de la junta de facultad), afecta a materias de las áreas de filosofía y sociología (áreas pertenecientes al departamento que dirijo).

La decisión tomada por la Junta de Facultad supone que las materias ahora impartidas por las áreas de filosofía y sociología queden adscritas al ámbito de conocimiento de educación. La solicitud, presentada por nuestro departamento (en paralelo a las presentadas por los departamentos de filología española, filología gallega e historia) rechaza esa adscripción de materias al entender que es académicamente inadecuada y que no hay tampoco razón legal para que se proceda en este sentido. Nuestra propuesta (presentada y rechazada en la Junta de Facultad correspondiente) iba en el sentido de pedir que las asignaturas de filosofía se adscriban al ámbito de conocimiento en el que se incluye la filosofía, bajo la denominación de “historia, arqueología, geografía, filosofía y humanidades; así como pedir que las materias de sociología se adscriban al ámbito de conocimiento de sociología, incluido en el descriptor “ciencias sociales, trabajo social, relaciones laborales y recursos humanos, sociología, ciencia política y relaciones internacionales”; los ámbitos a los que aludimos aparecen recogidos en el anexo I del RD 822/2021.

Nuestra propuesta nos parece de sentido común, totalmente evidente; el argumento que podemos enunciar no es otro que una tautología (fórmula que es válida para cualquier interpretación) y es que lo que decimos no es sino que las materias de filosofía deben adscribirse al ámbito de la filosofía y las materias de sociología deben adscribirse al ámbito de sociología. Reiteramos que estas son premisas auto/evidentes y entendemos que en la resolución tomada por mayoría en las juntas de facultad de Pontevedra y de Ourense se produce una decisión basada no en argumentos racionales (imposibles de existir frente a una tautología) sino en dos cuestiones que es necesario revisar y corregir:

A.- Un razonamiento por elevación según el cual se consideró que si era lógica la adscripción del título (primaria y/o infantil) al ámbito de educación, también lo era adscribir la totalidad de los créditos de formación básica. Mantenemos que siendo correcta la primera parte del argumento, la segunda no lo es al no derivarse naturalmente de la primera e incluso contravenir el texto legal que guía estas adscripciones. A tal respecto, veamos al detalle el artículo 14.4 del RD 822/2021 del 28 de septiembre:

“ Los planes de estudio de 240 créditos incluirán un mínimo de 60 créditos de formación básica. De ellos al menos la mitad estarán vinculados al mismo ámbito de conocimiento en el que se inscribe el título y **el resto estarán relacionados con otros ámbitos de conocimiento diferentes al que se ha adscrito el título** y deberán concretarse en materias o asignaturas con un mínimo de 6 créditos cada una, que asimismo deberán ser ofertadas en la primera mitad del plan de estudios”

B.- En las juntas de facultad se hizo patente el desacuerdo del profesorado de sociología, filosofía, historia, lengua castellana y lengua gallega a la hora de adscribir las materias de sus áreas al ámbito de conocimiento de educación, tal hecho no fue tenido en cuenta ya que la votación impuso, tal y como lo exige el juego democrático, la decisión que se acordó por mayorías. Huelga decir que los miembros de esas mayorías eran absolutamente ajenos a las disciplinas académicas a las que hacemos mención, dicho en otros términos, la pertinencia de adscribir o no las materias de sociología, filosofía, historia, lengua castellana y lengua gallega al ámbito de educación fue tomada por profesionales docentes de áreas diametralmente distantes en contenido y competencias, siendo una mayoría de los votos pertenecientes a miembros de la titulación de educación física y deporte. Respetando, como no puede ser de otro modo el juego democrático, no podemos dejar de resaltar que:

1.-En esta votación quienes estaban dotados de competencia académica por ser docentes de las áreas afectadas se manifiestan en contra. De tal hecho se deriva que la decisión tomada no se hace bajo el principio de competencia académica.

2.- La imposición de decisiones por la fuerza de la mayoría, puede contener y creemos que en este caso contiene determinados vicios tales como:

- Descuidar el respeto al otro
- Anular el principio de la racionalidad en la toma de decisiones
- Violentar el ejercicio de la autonomía /autogestión de las áreas de conocimiento minoritarias , al no existir ningún sistema de contrapesos en la toma de decisiones.

RESUMIENDO:

- a.- Los contenidos y procedimientos de la formación en filosofía y sociología no pueden ser subsumidos en los propios de las pedagogías y didácticas .
 - b.- No es “insustancial” perder la filiación correcta de las materias básicas
 - c.- La ley nos permite cumplir con el orden natural de las cosas y los 30 créditos de materias de ámbitos de conocimiento diferentes permiten mantener la filiación correcta a las materias de filosofía, sociología, lengua española , gallego e historia.
 - d.- El ejercicio correcto de la democracia necesita garantías para los grupos minoritarios. Clásicamente, tales garantías se concentran en el ejercicio parlamentario (que supone exposición de argumentos racionales de modo público y transparencia en la toma de decisiones que deben ser siempre “informadas”) y en la competencia profesional y ética de quien ejerce la tarea de lo público. Finalizar diciendo que no quisimos más que mostrar algo de sentido común y auto-evidente : Filosofía debe adscribirse a filosofía y sociología debe adscribirse a sociología. Esta sentencia ha sido ANULADA por medio de una votación ganada por mayoría en las Juntas de Facultad de educación y por ello solicitamos a este Consejo de Gobierno que medie con el fin de poder revertir este acuerdo.
- Gracias a todas/os”.

Xosé Henrique Costas intervén a continuación para dicir que respalda as declaracións das súas compañeiras. É un absoluto despropósito adscribir unha materia ao ámbito de Ciencias da Educación, que nace co obxectivo específico de capacitación en comunicación para a lingua galega, e que ten como contido da materia fonética e ortografía do galego, gramática do galego, léxico e formación das palabras ao galego. A pesar de que o vicerreitor comenta que mentres non haxa unha modificación substancial poderán seguir, pero dentro dun ano e medio podería ser que non se poida garantir con quen veña.

Xosé Henrique Costas comenta que a adscripción ten moitísima transcendencia e que vai chegar este tema aos xulgados. O debate segue, insistindo en que o estudo da lingua galega tense que impartir por especialistas. É un mal precedente, agora pode non pasar nada pero en dous anos teremos un gran problema con repercusións claras nos xulgados.

Miguel Cuevas intervén, axuntando a intervención remitida polo mesmo. “Ante a situación insólita que se da neste momento concordo coas intervencións previas das profesoras Pérez e Caruncho e do profesor Costas que non fan outra cousa que centrar o debate no substancial e non nos accidentes. En primeiro lugar habería que aclarar que é o que nos pide a lei e como define o RD 822/2021 a formación básica:

estos ámbitos de conocimiento son los que aportan las asignaturas que conforman sustancialmente la formación básica que se desarrolla en los Grados, garantizando así una formación transversal y reforzando el carácter generalista de este ciclo. En segundo lugar, al no ser los ámbitos del conocimiento espacios tan

extraordinariamente genéricos y amplios como lo eran las cinco ramas, permiten que, garantizando la transversalidad, la oferta de asignaturas tenga mayor coherencia formativa, lo que finalmente beneficia nitidamente al estudiantado.

Por outra banda habería que ver como asegura o decreto esa transversalidade e, fundamentalmente, se é obrigatorio que todas as materias de formación básica estean vencelladas ao mesmo ámbito de coñecemento que o título ou non. No Art. 14 se expresa con claridade:

Los planes de estudios de 240 créditos incluirán un mínimo de 60 créditos de formación básica. De ellos, al menos la mitad estarán vinculados al mismo ámbito de conocimiento en el que se inscribe el título, y el resto estarán relacionados con otros ámbitos del conocimiento diferentes al que se ha adscrito el título.

Así pois habería que entender que este debería ser o espírito da Xunta de Centro cando se propón modificar non substancialmente o título: expresar en parte a transversalidade incorporando materias doutros ámbitos de coñecemento.

En segundo lugar, arguméntase, ou argumentouse polo menos na COAP, a cuestión dos recoñecementos de créditos e as convalidacións. O recoñecemento automático de toda a formación básica entre titulacións do mesmo ámbito de coñecemento vinculadas a ese ámbito parecería unha opción, pero non todas as titulacións, nin sequera dando acceso a unha profesión regulada como este caso concreto, configuran a formación básica de xeito idéntico; por iso non serve dicir que noutras titulacións doutras universidades semellantes se fai esa vinculación sen amosar se efectivamente esas materias proceden ou non dese ámbito de coñecemento. Isto debería ser obvio, polo menos para algúns. Non creo que sexa necesario lembrar que o sistema de recoñecementos non debería estar por enriba de acadar as competencias necesarias especificadas no título; espero que ninguén deste Consello de goberno pense doutro xeito, polo ben da Universidade. Poño un exemplo sinxelo pero acaído: se isto se fixera, unha persoa que se traslada desde Madrid de Educación infantil a Vigo a Educación infantil tería recoñecida automaticamente a materia de galego, o que iría en contra de diferentes leis, entre outras a de normalización lingüística, da propia memoria de grao, pero tamén a propia ECI relativa ao grao e que indica como obxectivos do Grao en educación infantil “Expresarse oralmente y por escrito y dominar el uso de diferentes técnicas de expresión”

Agora ben isto non é en absoluto necesario, pois o art. 10 do RD 822/2021 sinala:

- a) Serán objeto de estos procedimientos hasta la totalidad de los créditos de formación básica entre títulos del mismo ámbito de conocimiento.

E que ocorre co resto? Tamén responde a esa pregunta:

- b) Serán objeto de estos procedimientos los créditos del resto de materias y asignaturas entre títulos del mismo ámbito de conocimiento o de ámbitos diferentes, siempre atendiendo a la coherencia académica y formativa de los conocimientos, las competencias y las habilidades que definen las materias o asignaturas a reconocer con las existentes en el plan de estudios del título al que se quiere acceder.

Non abundarei aquí nesta cuestión, o mesmo aparece reflectido na *Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos da UVigo*:

3.1. O recoñecemento de créditos nas titulacións oficiais de grao deberá respectar as seguintes regras básicas:

- a) Sempre que a titulación de destino pertenza á mesma rama que a de orixe, serán obxecto de recoñecemento un número de créditos que sexa polo menos o 15 por cento do total de créditos do título, correspondentes a materias de formación básica da dita rama.
- b) Serán tamén obxecto de recoñecemento os créditos obtidos naquelas outras materias de formación básica cursadas pertencentes á rama de destino.
- c) O resto dos créditos poderán ser recoñecidos pola universidade tendo en conta a adecuación entre as competencias e os coñecementos adquiridos, ben noutras

materias ou ensinanzas cursadas polo/a estudante ou ben asociados a unha previa experiencia profesional e os previstos no plan de estudos ou que teñan carácter transversal.

Hai algún problema, pois, con aplicar esta tautoloxía da que falaba a profesora Caruncho? Non. O grao de Educación infantil, que nos atinxe hoxe, ten polo menos 48 créditos de formación básica que poderían adscribirse ao ámbito de Educación. Así, se a vinculación das materias a un ámbito de coñecemento non limita o recoñecemento/convalidación, cal é a razón de non vencellar as materias ao ámbito de coñecemento que lles é de seu?

Parece entón que é un contrasentido asignar materias dun ámbito de coñecemento ben delimitado a outro diferente do que non forman parte e que non hai ningunha razón obxectiva, legal ou práctica, que leve á necesidade de facer algo que vai contra o sentido común. Pero aínda asumindo que cando se fixo o plano de estudos vencelláronse mal algunhas materias á rama de coñecemento (por exemplo as materias de galego ou de castelán se vencellaron a Ciencias Sociais e Xurídicas) cre este Consello de goberno que procede persistir no erro unha vez que o advirten os departamentos encargados da docencia? Non é misión desde consello corrixilo agora que é posible?

Finalmente, esta reitoría caracterízase polo lema “A Universidade das persoas”. Sei que na súa vertente humanística o reitor, coma min, tivo que estudar ética na súa formación universitaria. Estará comigo en que sería sorprendente que non se lle recoñecera a voz e a razón ás persoas/departamentos/áreas que saben do seu ámbito de coñecemento e que son as responsables das materias aquí en disputa fronte ao recoñecemento da voz daquelas cuxa competencia nesas materias e no ámbito de coñecemento que lles corresponde é limitado pero teñen votos. É isto a Universidade das persoas? Cal é o valor científico, fondo substancial das áreas/ámbitos de coñecemento..., que este consello lle da as persoas expertas desta Universidade?

Así, as persoas tecnicamente máis preparadas poden ver apagada a súa voz e razón pola maioría dos votos. Non é este un exemplo de fracaso da universidade das persoas no sentido filosófico: a desvalorización dos coñecementos e dos criterios dos que saben? Creo que debemos asumir con Ortega que hai que darlle autenticidade á universidade e non pretender aparentar o que non é.

Permítome lembrar a este consello de goberno, e supoño que, polo que dicía antes, o reitor asumirá comigo, que votar non é exercer un principio democrático se detrás desta votación non está o imperio da razón e da ética, neste caso, incluso, do sentido común. Na universidade non podemos caer nun reduccionismo instrumentalista. Asumir que quen ten razón é quen non sabe pero ten maioría dos votos non é defender unha democracia senón a ditadura do máis forte, a ditadura duns votos sen un razoamento obxectivo que os sosteñan. As preguntas que seguen en pe, como xa se indicou aquí, e tralos argumentos expostos, son: por que? e para que?”.

O reitor pregunta polos prazos ao vicerreitor, quen responde que podería verse noutro CG. O vicerreitor fai algunha apreciación con respecto á lectura feita con respecto ao Real Decreto, ao dicir que non estamos contradicindo a legalidade. O reitor fai unha proposta de equipo, deixando sen aprobar os títulos que teñen este atranco, comentando que se vai sentar cos equipos dos centros para encontrar unha solución máis racional. Engade que non está de acordo coa precisión feita por Henrique Costas, con respecto ao acordo que faga este equipo de goberno que pode ter a duración dun ano e medio, xa que os acordos son de Consello de Goberno, non do equipo de goberno.

Apróbase por asentimento, agás os títulos que conteñen as materias das que acabamos de falar, de acordo coa precisión que traen as diapositivas, e que serán reflectidas nos acordos do Consello de Goberno.

Informado favorablemente por asentimento da COAP o 20 de novembro de 2024

MODIFICACIÓNS NON SUBSTANCIAIS DAS TITULACIÓNS DA UNIVERSIDADE DE VIGO
2024/2025

MASTER	CENTRO	INTERUNIV	ÁMBITO	SOLICITUDE	Observacións/ incidencias
Mestrado universitario en arqueoloxía e ciencias da antigüidade	Facultade de Historia	SI (USC, UDC e UVigo)	Arte e humanidades Xa tramitado en 2023/2024	Inclusión dunha nova materia que se engade á oferta de optativas.	
Mestrado universitario en ciencia e tecnoloxía agroalimentaria e ambiental	Facultade de Ciencias	NON	Ciencias agrarias e tecnoloxía dos alimentos	Vinculación da titulación ao ámbito de cofecemento. Modificación da oferta de optatividade do mestrado.	
Mestrado universitario en comercio internacional	Facultade de Comercio	NON	Ciencias económicas, administración e dirección de empresas, marketing, comercio, contabilidade e turismo Xa tramitado en 2023/2024	Na actual redacción da memoria detectouse un erro respecto ao recoñecemento de experiencia laboral ou profesional, ao esixirse un mínimo de 6 meses para optar a este recoñecemento, o cal non é coherente coa carga docente de 6 ECTS das prácticas no plan de estudos. Por iso, propónse corrixir este erro. Corrección de erro na ficha da memoria de prácticum (6 ECTS) que indica que equivale a 180 horas en lugar de 150 horas.	

Universidade de Vigo



Informado favorablemente por asentimento da COAP o 20 de novembro de 2024

MODIFICACIÓNS NON SUBSTANCIAIS DAS TITULACIÓNS DA UNIVERSIDADE DE VIGO
2024/2025

MASTER	CENTRO	INTERUNIV	ÁMBITO	SOLICITUDE	Observacións/ incidencias
Mestrado universitario en dirección de pemes	Facultade de Comercio	NON	Ciencias económicas, administración e dirección de empresas, marketing, comercio, contabilidade e turismo Xa tramitado en 2023/2025	Na actual redacción da memoria detectouse un erro respecto ao recoñecemento de experiencia laboral ou profesional, ao esixirse un mínimo de 6 meses para optar a este recoñecemento, o cal non é coherente coa carga docente de 6 ECTS das prácticas no plan de estudos. Por iso, propónse corrixir este erro. Corrección de erro na ficha de memoria de prácticum (6 ECTS) que indica que equivale a 180 horas en lugar de 150 horas.	
Mestrado universitario en dirección integrada de proxectos	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	SI (UDC, UVigo)	Interdisciplinar	Interdisciplinar. Vinculación da titulación ao ámbito de cofecemento. Modificación do acceso de admisión a estudiantado extranxeiro.	
Mestrado universitario en economía	Facultade de Ciencias Económicas e Empresarias	SI (UVigo, UDC, USC)	Ciencias económicas, administración e dirección de empresas, marketing, comercio, contabilidade e turismo	Ciencias económicas, administración e dirección de empresas, marketing, comercio, contabilidade e turismo Vinculación da titulación ao ámbito de cofecemento.	

Universidade de Vigo



Informado favorablemente por asentimento da COAP o 20 de novembro de 2024

MODIFICACIÓNS NON SUBSTANCIAIS DAS TITULACIÓNS DA UNIVERSIDADE DE VIGO
2024/2025

MASTER	CENTRO	INTERUNIV.	ÁMBITO	SOLICITUDE	Observacións/ incidencias
Mestrado universitario en enerxía e sustentabilidade	Escola de Enxeñaría Industrial	NON	Enxeñaría industrial, enxeñaría mecánica, enxeñaría automática, enxeñaría da organización industrial e enxeñaría da navegación.	Enxeñaría industrial, enxeñaría mecánica, enxeñaría automática, enxeñaría da organización industrial e enxeñaría da navegación. Vinculación da titulación ao ámbito de cofecemento.	
Mestrado universitario en matemática industrial	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	SI (USC, UC3M, UDC, UPM, UVigo)	Interdisciplinar	Interdisciplinar. Vinculación da titulación ao ámbito de cofecemento.	
Mestrado universitario en xenómica e xenética	Facultade de Bioloxía	SI (USC, UVigo)	Bioloxía e xenética	Bioloxía e xenética. Vinculación da titulación ao ámbito de cofecemento.	
Mestrado en deseño e dirección creativa en moda	Facultade de Deseño	NON	Industrias culturais: deseño, animación, cinematografía e produción audiovisual.	Industrias culturais: deseño, animación, cinematografía e produción audiovisual. Vinculación da titulación ao ámbito de cofecemento.	
Mestrado en intervención multidisciplinar na diversidade e contextos educativos	Facultade de Educación e Traballo Social	NON	Ciencias da educación Xa tramitado en 2023/2024	Cambio de nome de dúas materias (unha optativa e outra obrigatoria) Non supón cambio nos obxectivos, contidos... da materia.	

Universidade de Vigo



Informado favorablemente por asentimento da COAP o 20 de novembro de 2024

MODIFICACIÓNS NON SUBSTANCIAIS DAS TITULACIÓNS DA UNIVERSIDADE DE VIGO
2024/2025

MASTER	CENTRO	INTERUNIV.	ÁMBITO	SOLICITUDE	Observacións/ incidencias
Mestrado en desafío das cidades	Facultade de Educación e Traballo Social	SI (UDC, UVigo, USC, Univ. Porto, Univ. Trás-os-Montes e Alto Douro e Univ. do Minho)	Interdisciplinar	Interdisciplinar. Vinculación da titulación ao ámbito de cofecemento.	

Universidade de Vigo



MODIFICACIÓNS NON SUBSTANCIAIS DAS TITULACIÓNS DA UNIVERSIDADE DE VIGO
2024/2025

MASTER	CENTRO	INTERUNIV.	ÁMBITO	SOLICITUDE	Observacións/Incidencias
Mestrado en biotecnoloxía avanzada	Facultade de Bioloxía	SI (UVigo, UDC)	Bioquímica e biotecnoloxía	Vinculación da titulación ao ámbito de coñecemento	Solicita modificación substancial.
Mestrado universitario en oceanografía	Facultade de Ciencias do Mar SI (ULPG, UVigo, UCA.)		PDTE	PDTE	
Mestrado en valoración, xestión e protección do patrimonio	Facultade de Historia	NON		Vinculación da titulación ao ámbito de coñecemento	PENDENTE VINDEIRO CG.
Mestrado en comunicación en medios sociais e creación de contidos dixitais	Facultade de Comunicación	NON		Vinculación da titulación ao ámbito de coñecemento	Solicita modificación substancial. PENDENTE DO VINDEIRO CG.

MODIFICACIÓNS NON SUBSTANCIAIS DAS TITULACIÓNS DA UNIVERSIDADE DE VIGO
2024/2025

PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO	CENTRO	INTERUNIV.	ÁMBITO	SOLICITUDE	Observacións/Incidencias
---------------------------	--------	------------	--------	------------	--------------------------

Non hai.

Apróbanse por asentimento.

10. Aprobación, se procede, da declaración de interese de verificación/modificación de títulos de grao, máster e programas de doutoramento 2026/27.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor De Titulacións e Innovación Docente, quen precisa o contido seguinte:

Informado favorablemente por asentimento da COAP o 20 de novembro de 2024

MODIFICACIÓNS SUBSTANCIAIS E VERIFICACIÓNS 2026/2027

CURSO 2026/2027	GRAOS	CENTRO	PROCEDEMENTO	NOVO	CONXUNTO	UNIVERSIDADE COORDINADORA	ESTADO	OBSERVACIÓNS
	Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías Navais para a Defensa	Centro Universitario da Defensa (CUD)	VERIFICACIÓN	SI	NON	UVigo		Substitución do Grao en Enxeñaría Mecánica
	PCEO Grao en Enxeñaría Agraria e Ciencias Ambientais	Facultade de Ciencias	VERIFICACIÓN	SI	NON	UVigo		Coa conformidade do centro, adianto curso 2025/2026. Limite máximo aprobación xaneiro 2025.
	PCEO Grao en Enxeñaría Agraria e Ciencias e Tecnoloxía dos Alimentos	Facultade de Ciencias	VERIFICACIÓN	SI	NON	UVigo		Coa conformidade do centro, adianto curso 2025/2026. Limite máximo aprobación xaneiro 2025.
	PCEO Grao en Comunicación Audiovisual e Publicidade e Relacións Públicas	Facultade de Comunicación	VERIFICACIÓN	SI	NON	UVigo		

Universidade de Vigo



Informado favorablemente por asentimento da COAP o 20 de novembro de 2024

MODIFICACIÓNS SUBSTANCIAIS E VERIFICACIÓNS 2026/2027

CURSO 2026/2027	GRAOS	CENTRO	PROCEDEMENTO	NOVO	CONXUNTO	UNIVERSIDAD E COORDINADORA	ESTADO	OBSERVACIÓNS
	Grao en Bioloxía	Facultade de Bioloxía	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVigo		
	Grao en Economía	Facultade de Ciencias Económica e Empresariais	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVigo		
	Grao en Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo	Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVigo		
	Grao en Publicidade e Relacións Públicas	Facultade de Comunicación	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVigo		
	Grao en Relacións Internacionais	Facultade de Relacións Internacionais	MODIFICACIÓN	NON	SI	UDC		
	Grao en Intelixencia Artificial	Escola Superior de Enxeñaría Informática	MODIFICACIÓN	NON	SI	USC		NON PROCEDE POR ESTAR NO TERCEIRO ANO DE IMPLANTACIÓN DO GRAO.

Universidade de Vigo



Informado favorablemente por asentimento da COAP o 20 de novembro de 2024

MODIFICACIÓNS SUBSTANCIAIS E VERIFICACIÓNS
2026/2027

CURSO 2026/27	MESTRADO S	CENTRO	PROCEDEMENTO	NOVO	CONXUNTO	UNIVERSIDADE COORDINADORA	ESTADO	OBSERVACIÓNS
	Mestrado en ciencia e tecnoloxía en nanomateriais e biomedicina	Facultade de Química	VERIFICACIÓN	SI	NON	UVigo		
	Mestrado en deseño e fabricación na industria conectada e intelixente	Escola de Enxeñaría Industrial	VERIFICACIÓN	SI	NON	UVigo		
	Mestrado en políticas de seguridade e sistema penal	Facultade de Dereito	VERIFICACIÓN	SI	SI (UVigo, UDC)	UDC		
	Mestrado en química teórica e modelización computacional	Facultade de Química	VERIFICACIÓN	SI	SI (UAM, UAB, UB, UCAN, UCM, UEX, UIB, UJI, UMU, UnivOvi, UPV, USAL, USC, US, UV, UVA, UVIGO, UNIZAR)	UAM		

Universidade de Vigo



Apróbase por asentimento.

11. Aprobación, se procede, do Regulamento de Réxime Interno do Instituto Universitario de Investigación Xustiza e Xénero da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, quen presenta de forma xeral o Regulamento do IXEX:



PREÁMBULO

TÍTULO I. NATUREZA, RÉXIME XURÍDICO, OBXECTIVOS E FUNCIÓNS

- Artigo 1. Natureza e constitución
- Artigo 2. Réxime xurídico
- Artigo 3. Obxectivos
- Artigo 4. Funcións

TÍTULO II. PERSOAS INTEGRANTES E COLABORADORAS DO INSTITUTO

- Capítulo 1. Composición
 - Artigo 5. Persoas integrantes
 - Artigo 6. Persoas honorarias
 - Artigo 7. Persoas colaboradoras externas
 - Artigo 8. Entidades colaboradoras
- Capítulo 2. Incorporación e cesamento do persoal investigador
 - Artigo 9. Procedemento de incorporación de integrantes
 - Artigo 10. Condicións de incorporación do persoal investigador
 - Artigo 11. Cesamento do persoal investigador

Universidade de Vigo





Capítulo 3. Dereitos e deberes do persoal investigador	
Artigo 12. Dereitos do persoal investigador	
Artigo 13. Deberes do persoal investigador	
TÍTULO III. ÓRGANOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN	
Artigo 14. Órganos	
Capítulo 1. Órganos colexiados	
Sección 1.ª: Xunta directiva	
Artigo 15. Composición	
Artigo 16. Cesamento das persoas integrantes	
Artigo 17. Funcións	
Sección 2.ª. Comisión científica	
Artigo 18. Composición	
Artigo 19. Cesamento das persoas integrantes	
Artigo 20. Funcións	



Capítulo 2. Órganos unipersoais	
Sección 1.ª. Dirección	
Artigo 21. A dirección	
Artigo 22. Nomeamento, mandato e cesamento	
Artigo 23. Competencias	
Sección 2.ª. Secretaría	
Artigo 24. A secretaría	
Artigo 25. Nomeamento, mandato e cesamento	
Artigo 26. Competencias	
Capítulo 3. Réxime de funcionamento da xunta directiva e da comisión científica	
Artigo 27. Réxime e convocatoria das sesións	
Artigo 28. Orde do día das sesións	
Artigo 29. Quórum	
Artigo 30. Adopción de acordos	
Artigo 31. Certificacións de acordos	
Artigo 32. Actas das sesións	



Capítulo 4. Dereitos e deberes do persoal da xunta directiva e da comisión científica
Artigo 33. Dereitos
Artigo 34. Deberes
Capítulo 5. Consello asesor externo
Artigo 35. Definición
Artigo 36. Nomeamento
Artigo 37. Funcionamento
Artigo 38. Funcións
TÍTULO IV. ACTIVIDADE INVESTIGADORA E DOCENTE DO INSTITUTO
Artigo 39. Actividade investigadora
Artigo 40. Actividade docente
TÍTULO V. FINANCIAMENTO E XESTIÓN ECONÓMICA
Artigo 41. Financiamento
Artigo 42. Xestión económica
TÍTULO VI. SEGUIMENTO E CONTROL
Artigo 43. Memoria anual

Apróbase por asentimento.

12. Informe sobre a Memoria de Responsabilidade Social da Universidade de Vigo correspondente ao 2023.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Extensión Universitaria quen informa sobre a memoria de responsabilidade social do ano 2023:

- Iníciase no curso 2009/2010 e elabórase anualmente en relación ao curso anterior (acta XIV).
- Segue os estándares do Global Reporting Initiative (GRI) que segue unha serie de principios internacionais: precisión, equilibrio, claridade, comparabilidade, exhaustividade, contexto de sostibilidade, puntualidade e verificabilidade (apartado 1.4).
- Aspectos ambientais, económicos e sociais (a través de cinco capítulos) que amosan o compromiso da UVigo co rendemento de contas á sociedade.

- Capítulos 3 e 7: dimensión social
- Capítulo 5: dimensión económica
- Capítulo 6: dimensión ambiental
- Capítulo 4: grupos de interese

- Anexo I: índice de contidos GRI: estándares temáticos para cada tema material.
- Anexo II: ODS da Axenda 2030 da Nacións Unidas, cos epígrafes da memoria.
- Anexo III: outras memorias e fontes que fundamentan a memoria de RSU.
- Anexo IV: metodoloxía para a elaboración da presente memoria.

Agradecementos á Unidade de Ánalse e Programas e a todas as vicerreitorías e aos respectivos servizos que contribuíron á súa elaboración.

Universidade de Vigo



Apróbase por asentimento.

13. Elección dos seguintes membros das comisións delegadas do Consello de Goberno: Planificación e Asuntos Económicos (1 estudante) e Extensión Universitaria e Estudantes (1 estudante).

Presentouse a candidatura para a Comisión delegada de Planificación e Asuntos Económicos de Miguel Ángel Piñero Vivas, non é necesario celebrar eleccións.

14. Elección dun representante na Comisión de Reclamacións a Prazas de Profesorado Contratado: 1 estudante.

Presentouse a candidatura de Anxo Gesto Gayoso, polo que non é necesario celebrar eleccións.

15. Elección de representantes no Comité de Dirección da EIDO(1): 1 estudante do ámbito Xurídico- Social e 1 estudante do ámbito Científico.

Presentouse a candidatura de Joseba Delgado Parada como estudante do ámbito xurídico-social. Non é necesario celebrar eleccións.

Presentouse a candidatura de Jonathan Castaño Serna como estudante do ámbito científico, da facultade de Ciencias de Ourense, e tampouco é necesario celebrar eleccións.

17. Quenda de Intervencións.

O reitor cede a palabra a Anabel González Penín, quen comenta que lle gustaría coñecer o calendario de finalización dos procesos de estabilización do persoal de Administración e Servizos, que cre que ten que finalizar agora e hai unha gran incertidumbre, con 70 persoas afectadas, e quere ser informada dese calendario.

A xerente informa do calendario exposto nas dúas xuntas de persoal. O día 4 de decembro publicanse as listas de contratacións que van a entrar en vigor que serven de orde de prelación de cesamentos, o día 5 publicanse no DOG e na WEB, os postos de traballo ofertados para o acto de elección, o día 12 deste mes será o acto de elección, estarán os aspirantes convocados, e a partir do día 12 os nomeamentos serán publicados no DOG na semana seguinte. Esta semana saíran os preavisos de cesamento, para todo o mundo, para que saiban que os seus postos de traballo poderán ser adxudicados a un titular, e poden ser obxecto de cesamento, e darase remate ao proceso selectivo. Salvo os técnicos de tecnoloxías de información, que aínda non rematou. Simultaneamente se tomará posesión do concurso estrinxido dos funcionarizados.

Miguel Cuevas ten algunhas cuestións (achega intervención): “Quero expresar ledicia polo nomeamento do director da área de normalización lingüística, especialmente coincidindo cos datos terribles da última enquisa sobre o coñecemento e uso do galego. Quizais este nomeamento chega tarde, no sentido de que levamos dous anos e medio de lexislatura sen ter director/a de normalización lingüística na Universidade de Vigo.

Permítame Reitor expresar certa preocupación pola ralentización de algúns procesos relativos á xerencia. Entendo que nestes momentos está o peche do exercicio económico, o que pode levar a esta situación, pero preguntaría que todo no que ten que ver con pedidos, transferencias, etc. se axilice o máximo posible.

Tamén quería solicitar que se axilien ao máximo os procesos polos que se cobren as vacantes do PTXAS. Xa a xerente explicou hai un intre o calendario de execución dos últimos procesos de selección e entendo que isto solucionará en boa medida esta cuestión pero que non se esqueza que é desexable que os postos de vacantes e baixas se cubran axeitadamente.

Finalmente quería amosar a preocupación porque parece que non se están a pagar as asistencias dos e das membros dos tribunais de profesorado laboral non permanente. Solicito que se traballe nesta cuestión para que finalmente se poida realizar o pagamento. Neste sentido tamén querría sinalar que non parece axeitado que os servizos centrais poñan un límite de gasto por parte dos servizos centrais de 1500€ para abonar os gastos relativos a tribunais de prazas e que o resto teñan que pagalo os departamentos; trátase de procesos selectivos dentro da nosa administración que, especialmente agora cos condicionantes novos da LOSU, producen certos gastos que os departamentos non deberían ter que custear. O copago pode ser unha fórmula de emerxencia (como neste caso por ser a primeira vez co novo sistema) pero debería eliminarse en futuras convocatorias.”

O reitor comenta que van a cobrar todos, as normas son para todo o mundo igual.

O reitor comenta a situación do galego, o día que aprobamos no noso Plan Estratéxico a importancia do Galego, pero está moi satisfeito coa campaña de Galego de Tranquis, o tesouro que temos, unha lingua de agarimo. Temos expertos na casa que nos van a axudar, co entusiasmo digno desta casa, para darlle o pulo que merece o galego. Tócanos este ano avaliar a docencia que temos en galego, cun custo asumido pola institución, que temos moi claro que debe facerse.



Jaime González, fala en relación co Punto 14, quere agradecer ás persoas do PDI, do PTXAS e do Equipo de Goberno que axudaron cos seus avais na elección do representante estudante na Comisión de Reclamacións a Prazas de Profesorado Contratado, Anxo Gesto Gayoso, e quere que conste este agradecemento na acta.

O reitor agradece a presenza dos membros do Consello de Goberno.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:20 h. do día 2 de decembro de 2024, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e praxe do reitor.

O reitor

A secretaria xeral